

ACORDO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE SANDIÁS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS EN MATERIA DE URBANISMO

REUNIDOS

Por unha banda, María Martínez Allegue, en nome e representación da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, actuando no exercicio do seu cargo, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73 do 14 de abril) e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Da outra, Felipe Traveso García, alcalde-presidente do Concello de Sandiás, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente acordo de cooperación,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de vivenda, urbanismo e planificación de infraestruturas. Tamén lle corresponden as funcións en materia de ordenación do territorio, excepto as relacionadas coa ordenación do litoral, e, en concreto, as previstas no artigo 11.4 da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, que serán exercidas pola consellería competente en materia de medio ambiente.

Dentro da consellería correspóndelle á Dirección Xeral de Urbanismo a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial, de conformidade ao apartado k) do artigo 13.1 do Decreto 142/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería (DOG núm. 101, do 27 de maio) e do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 73 do 14 de abril).

Segundo.- Esta dirección xeral conta con programas dirixidos á dotación de equipamentos públicos e de mellora de contornas urbanas.



Os equipamentos urbanos desempeñan un papel fundamental como elemento dinamizador de desenvolvemento social e cultural da nosa sociedade e son, ademais, elementos estruturais na contorna urbana.

As intervencións definidas como contornas urbanas recollen as actuacións enfocadas a mellorar o espazo público tendo en conta as necesidades de utilización e en relación coa mellora da contorna, o ambiente e a calidade de vida.

Terceiro.- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas a través do Plan *hURBE* trata de dar resposta á necesidade de humanización das vilas e de incrementar o atractivo dos núcleos rurais como factor determinante do equilibrio territorial.

O conxunto de vilas dispersas pola nosa xeografía, articulan e centralizan a vida económica, social e cultural do territorio que se atopa baixo a súa área de influencia. Constitúen verdadeiros motores de dinamización social e económica ao converterse en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

A súa influencia ven determinada por diversos factores como accesibilidade ao núcleo, o nivel de servizos, equipamentos e actividades de ocio que subministra ao conxunto da poboación, e o seu papel como centro comercial para a economía da zona.

As Directrices de Ordenación do Territorio aprobadas definitivamente polo Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, distingue, segundo a diferente función que desempeñan no conxunto do sistema territorial de Galicia:

- Espazos rurais integrados: correspóndense coas zonas máis próximas ás áreas urbanas, cuxa característica principal ven dada por constituír zonas de expansión urbana das cidades veciñas, cun adecuado acondicionamento territorial (equipamentos, dotacións, infraestruturas, etc)
- Espazos rurais intermedios: adoitan situarse na contorna das vilas intermedias e contan cun nivel de servizos, dotacións e infraestruturas aceptable
- Espazos rurais periféricos: os máis afastados das zonas urbanas (zonas de montaña de topografía complexa) onde a crise demográfica preséntase como un problema perentorio, cun nivel deficiente de infraestruturas, dotacións e equipamentos.

Os plans *hURBE* centran os seus obxectivos sobre estes dous modelos territoriais.

Cuarto.- O PLAN *hURBE* 2019-2026 continúa na senda iniciada polos PLANS *hURBE* 2010-2013 e 2014-2017 tratando de articular unha estratexia de posta en valor das vilas, tanto as grandes como as pequenas, e dos núcleos rurais, que permita crear as condicións propicias para o seu desenvolvemento sostible, sen prexuízo de actuacións puntuais nas cidades, que se encadren nos obxectivos fixados neste Plan.



A tal fin e preciso, acometer actuacións orientadas a frear o despoboamento, potenciando as infraestruturas, servizos e equipamentos e, en definitiva, mellorando o benestar e a calidade de vida dos seus habitantes.

Este Plan persegue os seguintes obxectivos:

1. Promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos rurais con criterios de sustentabilidade económica, medioambiental e social.
2. Mellorar os equipamentos e dotacións, aumentando a variedade e elevando os niveis de servizos có fin de proporcionar unha oferta de calidade e axeitada ás necesidades da poboación có fin de incrementar o atractivo das vilas e dos núcleos rurais da nosa comunidade autónoma.
3. Fomentar a conservación e posta en valor do patrimonio cultural e histórico das vilas
4. Incorporar as tecnoloxías de información tanto nas instalacións como na previsión de usos e actividades dos equipamentos municipais.
5. Prestar especial atención a aquelas accións sensibles á especificidade de xénero que garantan un acceso máis equitativo de mulleres e homes aos bens e servizos

Para a consecución destes obxectivos desenvolveranse accións nas mesmas áreas de actuación que as contempladas no PLANS hURBE 2010-2013 e 2014-2017:

Programa de equipamentos públicos, cos seguintes obxectivos específicos:

- Incrementar a oferta de infraestruturas e equipamentos óptimos para o desenvolvemento de actividades e eventos de carácter cultural que permitan garantir o acceso á cultura á totalidade da poboación.
- Contribuír á dinamización cultural, económica e de cohesión social, priorizando as actuacións en comarcas carentes destas infraestruturas.

Programa de humanización de rúas, cos seguintes obxectivos específicos:

- Recuperación de espazo público peonil para facilitar os desprazamentos e potenciar a súa función como espazo de encontro dos veciños.
- Mantemento e conservación das rúas en óptimas condicións de seguridade, para os vehículos e transeúntes.

Programa de urbanización e mellora de espazos públicos, cos seguintes obxectivos específicos:

- Rexeneración medioambiental de espazos degradados para o seu uso pola colectividade
- Incrementar a oferta dos espazos de convivencia, con especial atención a aqueles que revistan un especial interese histórico, artístico ou arquitectónico

Quinto.- O Concello de Sandiás necesita acometer e trata de promover unha actuación dentro dos obxectivos especificados no expoñendo anterior.



Esta actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, "Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma".

Sexto.- Os concellos teñen atribuídas, a teor do artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), competencias en materia de ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; promoción e xestión de vivendas; parques e xardíns, pavimentación de vías públicas urbanas e conservación de camiños e vías rurais.

O Concello de Sandiás considera necesaria a execución desta obra con destino ao uso ou servizo público, e así o manifestou ante a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, que en uso das súas competencias, coincide co concello no uso público da obra.

Sétimo.- As condicións ás que debe axustarse a execución deste acordo entre a Xunta de Galicia e a devandita corporación local, para a realización de obras cuxa titularidade corresponda a estas últimas e que terán pro destino o uso ou servizo público, veñen reguladas polo Decreto 246/1992, do 30 de xullo.

A execución pola Comunidade Autónoma de determinadas obras en réxime de cooperación con outras entidades públicas esixe, cando teñen por finalidade a satisfacción directa de necesidades cuxa prestación corresponde a esta entidades, a posta en marcha de mecanismos que, respectando o marco legal patrimonial vixente, posibiliten a realización das mesmas cos marxes de eficiencia e seguridade requiridos.

Oitavo.- Por outra banda, conforme aos artigos 143 e 144 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as Administracións cooperarán ao servizo do interese xeral de acordo coas técnicas que consideren máis axeitadas, como a cooperación interadministrativa para a aplicación da normativa reguladora dunha materia ou actuacións de cooperación en materia patrimonial, incluídos os cambios de titularidade e a cesión de bens. Concretamente o artigo 143.1 establece: "As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral e poderán acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio.

Estas relacións de cooperación, que requiren a aceptación expresa das partes, se formularán en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios nos que se preverán as condicións e compromisos que asuman.

O artigo 48 da citada Lei de réxime xurídico do sector público establece que as Administracións públicas e os organismos públicos, no ámbito das súas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público, que deberán mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos



públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Xa que logo, ambas dúas partes, ao abeiro do Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais para a realización de obras de titularidade das mesmas e da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público, recoñecen capacidade para formular o presente Acordo de cooperación, e conveñen na súa formulación, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente acordo é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Sandiás, que permite acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na *mellora de servizos e humanización do núcleo de Santa Ana*, conforme ao proxecto que define as actuacións obxecto do presente acordo.

Segunda.- Obrigas da Consellería

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, asume as seguintes obrigas:

1. Levar a cabo, as actuacións consistentes na contratación da execución e a dirección das obras sinaladas na cláusula primeira, a xestión das mesmas ata completar a súa finalización conforme aos proxectos aprobados, e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado no artigo 243 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de modificados, complementarios, revisións de prezos e proxectos de liquidación ata que as obras merezan a plena conformidade da consellería, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello para a súa incorporación ao servizo e uso público.

2. Financiar a execución das actuacións obxecto deste acordo, coa achega indicada na cláusula cuarta.

3. Unha vez, producido o acto formal de recepción das obras pola consellería, esta poñerá en coñecemento do concello, entendendo que tal comunicación determina o nacemento das obrigas de explotación, mantemento e conservación por parte do concello, sen prexuízo da formalización da correspondente acta de entrega.



Terceira.- Obrigas do concello

O concello asume as seguintes obrigas:

1. Acreditar, con carácter previo á formalización deste acordo:

- O compromiso da posta a disposición, libres de cargas e gravames de todos os terreos necesarios, cos usos urbanísticos, para a normal execución das obras descritas na cláusula primeira, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levar a cabo a mesma.
- A asunción das obrigas económicas que deriven deste acordo de cooperación, a cuxo efecto certificará a inclusión de aqueles nos seus respectivos orzamentos.
- A renuncia expresa a reter da achega desa corporación calquera tipo de tributo con motivo da/s obra/s de referencia.
- Levar a cabo as actuacións consistentes na redacción do proxecto que definan as obras a executar. Este proxecto deberá vir aprobado polo órgano competente do Concello.
- Asumir, unha vez recepcionada/s, a/s obra/s e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a explotación, mantemento e conservación da/s mesma/s.

2. Asumir todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo dito concello.

3. O concello, como trámite previo á licitación das obras, deberá acreditar, a través da oportuna certificación xustificativa, a efectiva dispoñibilidade dos terreos, nos termos do apartado 1 desta cláusula.

Cuarta.- Financiamento

Para o financiamento da actuación que constitúe o obxecto deste acordo de cooperación, cada unha das partes achegará os importes máximos, distribuídos como se indica no cadro inserido a continuación:

Porcentaxes da achegas	2025
Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (70% do custe estimado)	225.830,64 €
Concello de Sandiás (30% do custo estimado)	96.784,56 €
Total	322.615,20 €

O financiamento desta actuación, por parte da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 11.03.521A.607.1, código de proxecto 2016 00346.

O aboamento do importe correspondente ao concello, efectuarao en favor da Xunta de



Galicia, logo de asinado o presente acordo e os correspondentes contratos e unha vez que lle sexa requirido pola Dirección Xeral de Urbanismo, sen que o dito importe supere a contía de cada unha das anualidades anteriormente indicadas e atendendo, en todo caso, ao ritmo de execución dos contratos. Calquera alteración na dita execución que implique a variación do correspondente importe determinará o reaxuste das anualidades.

Logo da adxudicación dos contratos que se celebren, para a execución das actuacións necesarias para o cumprimento do obxecto do presente acordo, as baixas que, de selo caso, resulten aplicaranse na proporcionalidade das achegas de cada unha das administracións intervinientes. Non obstante, para a derradeira achega que deba de efectuar o concello, deberá de terse en conta a totalidade dos aboamentos efectuados pola consellería aos contratistas adxudicatarios das execucións das actuacións obxecto do acordo, nos que se incluírán aqueles que correspondan ás certificacións finais.

Quinta.- Relación laboral

A subscrición do presente acordo non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo con carácter indefinido, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

Sexta.- Comisión de seguimento

Para velar polo cumprimento do presente acordo poderá constituírse unha comisión de seguimento, integrada por catro membros, dous por cada unha das partes asinantes do presente acordo. Formarán parte pola consellería a persoa titular da Dirección Xeral de Urbanismo ou persoa en quen delegue, e a persoa titular do Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos; o concello estará representado pola persoa titular da Alcaldía ou persoa en quen delegue e a persoa titular da consellería responsable de obras e/ou infraestruturas.

A dita comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do acordo, así como, no seu caso, arbitrar os mecanismos de solución de controversias e de denuncia do acordo por algunha das partes.

Sétima.- Resolución

Serán causas de resolución deste acordo as seguintes:

- O transcurso do prazo de vixencia do acordo.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgúns dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución determinado na cláusula sexta, e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persiste o incumplimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución, e entenderase resolto o convenio. A extinción do convenio por esta causa, poderá conlevar o pago dunha indemnización polos prexuízos causados derivados de actuacións xa executadas ou como consecuencia doutras actuacións que teñan que asumir debido ao referido incumplimento.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do acordo.
- A imposibilidade sobrevida de cumprimento do obxecto do acordo.

Non obstante, se cando concorre calquera destas causas de resolución existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, vixilancia e control deste acordo, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

Oitava.- Modificacións

As modificacións formalizaranse mediante addenda cos mesmos requisitos e condicións para a aprobación do acordo, agás aquelas modificacións de carácter técnico aprobadas polo órgano de contratación de acordo coa normativa de contratos administrativos que non impliquen a superación do importe máximo reflectido na cláusula cuarta do acordo.

Novena.- Natureza

Este acordo ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de normas reguladoras da Administración local de Galicia; polo Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público; pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e demais lexislación sobre a materia obxecto do mesmo e polas demais normas de Dereito administrativo e, en defecto, deste último polas normas de Dereito privado, sendo competente para entender nos litixios que puideran xurdir a Xurisdición Contencioso Administrativa.

Décima.- Publicidade e rexistro

As partes asinantes deste acordo outorgan o seu consentimento expreso para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado acordo sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Décimo primeira.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décimo segunda.- Vixencia

O presente convenio producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo de que ambas as partes acorden unánimemente unha prórroga por un período máximo dun ano adicional en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia, en cumprimento das previsións recollidas no artigo 49. h) da Lei 40/2015.

E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, e obrigando con iso ás Administracións que representan, asinan dixitalmente o presente acordo na data sinalada.

A conselleira de Vivenda e Planificación de
Infraestruturas

O alcalde-presidente do Concello de
Sandiás

María Martínez Allegue

Felipe Traveso García

